

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE URXENCIA

Ante o desenvolvemento das negociación do XII Convenio *colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia y educación infantil*.

SNEP de Galicia considera que as traballadoras das escolas infantís deben ter unha mellora das súas condicións de traballo; denunciámos a súa precaria remuneración. Reciben un salario que estaba por debaixo do SMI.

Estamos ante un colectivo que debería formar parte da Consellería de Educación e non de Benestar e Familia, xa que entre as súas competencias atópanse a de educar, promover hábitos de saúde e hixiene, titorizar grupos, ser responsables da aula, coidar, facer programacións, escribir informes de cada estudante, preparar unidades didácticas, boletíns trimestrais ou ensino de inglés. O seu traballo non se está a recoñecer, a súa profesión desvalorizada e a súa carga de traballo excesiva. Estamos a falar de 38 horas semanais con nenos, ademais, unha rateo na aula de 20 alumnos por educador no nivel de 2-3 anos; 14 alumnos de nivel 1-2 e 8 de 0-1. Todo isto implica unha serie de responsabilidades que non están de acordo ao salario que reciben.

Polo tanto, desde SNEP de Galicia solicitamos:

- Integración no sistema educativo.
- Mellora do salario para todas as categorías.
- Subida anual do IPC se non hai acordo salarial ese ano.
- Subida do pagamento das horas extraordinarias.
- Redución das horas de traballo a 35 horas (+2,5 horas de carga non lectiva) para a categoría das educadoras e de 38 no resto das categorías
- Desvincular o cobro de trienios para a formación e aumento da súa cuantía.
- Manter os 10 días de vacacións adicionais e poder elixir a data en cinco deles.
- Dereito a permiso retribuído polo tempo indispensable para levar fillos menores de idade ao médico.
- Non absorción de complementos e trienios na presente negociación do convenio.
- Limitación do contrato de prácticas a 6 meses.
- Que os días de baixa corran a cargo da empresa se a causa da enfermidade é derivada do traballo sen desconto da parte proporcional das pagas extras. Desenvolvemento do artigo 64 do Convenio referido ás enfermidades profesionais.
- IGUALDADE DE CONDICIÓNS NO CONVENIO ESTATAL para escolas de xestión directa e indirecta.

O principio de acordo entre os sindicatos e as patronais que manteñen o SMI para case todas as categorías, chegando aos 930 euros brutos para as técnicas (ciclo superior de educación infantil) supón una burla a estas traballadoras, e moito máis sabendo que a intención é aplicar esta suba só desde o momento en que se asine o convenio e non desde o 1 de xaneiro. Tampouco é de recibo que se asine una suba do 2% para o ano 2020 e un 1% para o ano 2021.

Unha vergoña para unha profesión no que o 96% son mulleres, o que lles impide ter una independencia económica e a posibilidade dunha vida digna.

Por iso, O SNEP de Galicia apoiará todas as mobilizacións que calquera sindicato convoque e que as traballadoras consideren que debemos apoiar.

Por un convenio digno.